

NARÓN f.s.



www.naronfutsal.com
naron@naronfutsal.com



PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Estadio Multiusos de San Lázaro - 15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA - Teléfonos 54 26 20 - 54 26 04 - Telefax 54 26 36

REFERENCIA: PR946A 93/103
SOLICITANTE: CLUBE FUTBOL SALA NARON
DOCUMENTO: PR 946A.601

XUNTA DE GALICIA	
PRESIDENCIA	
Secretaría Xeral para o Deporte	
Enche:	
Cada:	4704
Data:	15-12-93

Notifícase que por Resolución de 13-12-1993, do Ilmo. Sr. Secretario Xeral para o Deporte, dada de conformidade coas Ordes de 17 de Maio de 1983 (D.O.G. de 3-6-83) e de 20 de Novembro de 1986 (D.O.G. de 5-12-86), e demais normativa aplicable, ese Clube foi inscrito no Rexistro de Clubes, Federacións e Entidades Deportivas de Galicia, co nº 4113.

Asimesmo, e a tenor do establecido no artigo 9º da Orde de 17 de Maio de 1983, deberán comunicar e solicita-la inscrición neste Rexistro, dos cambios e alteracións dese Clube, que se produzan con relación ós datos consignados (cambios na Xunta Directiva, cambio de denominación, modificación dos Estatutos, enderezos sociais etc..).


Achégaselle, para constancia e arquivo na Secretaría dese Clube deportivo, copia dos Estatutos sociais, Acta Fundacional, e relación da Xunta Directiva.

Santiago, 13 de decembro de 1993

SECCION DE REXISTRO DE CLUBES E
ASUNTOS XURIDICOS,

Asdo: Belarmino García Martínez.

SR.PRESIDENTE DO CLUBE FUTBOL SALA NARON



MIGUEL ANGEL RODRIGUEZ ANEIROS, maior de idade, ~~solteiro~~ casado, con domicilio en NARÓN, rúa CARBALLO CALERO con D.N.I. [REDACTED], a efectos de solicitude de inscrición no Rexistro de Clubes, Federaciós e Entidades Deportivas de Galicia comparece e

E X P O N: Que téndose constituído o Clube FUTBOL SALA NARÓN, con domicilio social en NARÓN, rúa CARBALLO CALERO 17, de NARÓN, apórtase por cuadruplicado a documentación seguinte á presente solicitude:

- Acta Fundacional
- Acta de aprobación dos Estatutos por parte da Asamblea Xeral
- Relación nominal da Xunta Directiva
- Estatutos do Clube
- Informe da Federación correspondente


S U P L I C A: Que tendo por formulado este escrito, coas alegacións que o mesmo contén, díguese admitilo e se proceder, acorde autorizala inscrición no rexistro solicitado.

E gracia que espera acadar de V.I.

NARÓN, a 16 de MARZO de 1.992.

ILMO. SR. SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACTA FUNDACIONAL



CLUBE DEPORTIVO: FUTBOL SALA NARÓN

Reunidos en NARÓN, ás vinte horas do día 27 de Febreiro
as persoas que deseguido se citan:

Don Miguel Angel Rodríguez Aneiros

D.N.I. nº [REDACTED], maior de idade, con domicilio en NARÓN, Rúa Carballo
Calero, 17, 1º.

Don Pedro Rivera Casdelo

D.N.I. nº [REDACTED], maior de idade, con domicilio en NARÓN, Rúa Colmeote, 24
1º.

Don José Antonio Menaya Lourido

D.N.I. nº [REDACTED] maior de idade, con domicilio en NARÓN. Avd. Souto
Vizoso, 38

Don ^a Natividad González Laxo

D.N.I. nº [REDACTED], maior de idade, con domicilio en NARÓN. Finca Dopico, 2
3º izq.

Don Juan Luis Dopico Gómez

D.N.I. nº [REDACTED], maior de idade, con domicilio en NARÓN. San Mateo
Rúa Calvario, 18

todas elas relacionadas entre si por especiais vencellos de carácter social e/
recoñecéndose con plena capacidade de obrar.

EXPRESAN: A súa vontade de se asociar para fomentar e desenvolver activida-
des físico-deportivas, e para o mesmo fan consta-lo seu propósito de funda-lo
Clube denominado FUTBOL SALA NARÓN,
acordándose deseguido que:

UN.- Queda expresamente excluído como fin do Clube o ánimo de lucro e non
poderá destina-los seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de
servicios nin exercer actividade de igual carácter coa finalidade de repartir
beneficios entre os socios.

DOUS.- Acatamento a canto se contén na Lei 10/1.990, de 15 de outubro, do
Deporte e demais Disposicións regulamentarias.

TRES.- O domicilio social é, rúa ou praza Rúa Carballo Calero
nº 17, D.P. 15.407 da localidade de NARÓN, provincia
de A COROUNA.



...//...


CATRO.- Todos subscriben o proxecto de Estatutos que se acompaña polos que se terá de rexer o Clube.


CINCO.- Solicítase a aprobación e a súa inscrición no Rexistro de Clubes, Federaciós e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 22 horas do día expresado, dando fe da mesma tódolos asistentes.

Sinatura de tódolos promotores.





ESTATUTOS DO CLUBE:

FUTBOL SALA NARÓN

CAPITULO I

NORMAS XERAIS

Artigo 1º.- O/X CLUBES FUTBOL SALA NARÓN

é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que ten como obxecto exclusivo o fomento e a práctica da actividade física e deportiva, sen ánimo de lucro.

Artigo 2º.- O/X CLUBES FUTBOL SALA NARÓN

practicará como principal modalidade deportiva a de Futbol Sala e afiliárase á Federación Galega de Futbol Sala que someterá estes Estatutos á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

O/X CLUBES FUTBOL SALA NARÓN practicará asimismo as modalidades deportivas de Baloncesto, Balonmano. e para tal fin funcionarán as seccións deportivas correspondentes que se adscribirán ás respectivas Federacións.

Artigo 3º.- O/X CLUBES FUTBOL SALA NARÓN

sométese ó réxime do presuposto e patrimonio propio coas seguintes limitacións:


a) Non poderá destinalos seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizo, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse íntegramente á conservación do seu obxecto social.

b) Poderán fomentar manifestacións de carácter físico-deportivo dirixidas ó público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ó desenvolvemento das actividades físicas e deportivas dos seus asociados.

c) O/X CLUBES FUTBOL SALA NARÓN poderá gravar e enaxenar bens inmoables, tomar cartos a préstamos e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

1.- Que se autoricen tais operacións por maioría de dous tercios dos socios presentes ou representados na Asamblea Xeral Extraordinaria.

2.- Que ditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da Entidade ou a actividade físico-deportiva que constitua o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo se poderá exigir, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de número, o oportuno dictame económico-actuarial.



3.- Cando se trate de tomar cartos a préstamo en contía superior ó 50% do presuposto anual ou que represente unha porcentaxe igual do valor do patrimonio, así como nos supostos de emisións de títulos, requerirá informe da Federación e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 4º.- O/A CLUBE FUTBOL SALA NARÓN poderá recibir libremente donacións que non excedan da cantidade de 500.000 pts. No suposto de donacións que superen esta cantidade será necesaria autorización expresa da Secretaría Xeral para o Deporte, previo informe da Federación correspondente.

Artigo 5º.- O domicilio social fíxase en NARÓN
rúa Carballo Calero, 17 teléfono C.P 15.407
debendo no caso de variación, dar conta á Secretaría Xeral para o Deporte

O/A CLUBE FUTBOL SALA NARÓN tamén contará cos seguintes locais e instalacións propias:

CAPITULO II

CLASES DE SOCIOS, ADMISION, DEREITOS E OBRIGACIONES

Artigo 6º.- O número de socios será ilimitado. A Xunta Directiva poderá suspender, non obstante, a admisión de novos socios cando así o eisixan razóns de aforro ou de capacidade física das instalacións. Os socios poderán ser das seguintes clases: de número, honorarios, aspirantes e familiares.

Artigo 7º.- Son socios de número tódalas persoas maiores de idade, que satisfagan a cuota social establecida.

Os menores de 18 anos de un e outro sexo, clasificaranse coma socios aspirantes, tendo dereito ó uso das instalacións sociais ó través da cuota social que fixe a Comisión Directiva e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Serán socios honorarios aquelas persoas a quenes a Comisión Directiva confira esta distinción e terán un posto de preferencia nos actos oficiais da sociedade.

Son socios familiares todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.



Artigo 8º.-

1.- Os socios de número terán os seguintes dereitos:

- a) Contribuir ó cumprimento dos fins específicos da Asociación.
- b) Eisixir que a Asociación se axuste ó disposto pola Lei Xeral da Cultura Física e do Deporte, normas de desenvolvemento da mesma e ó establecido no presente Estatuto.
- c) Afastarse libremente da Asociación.
- d) Coñece-las actividades da Asociación e examina-la súa documentación previa petición razonada da Xunta Directiva.
- e) Expór libremente as súas opinións no seno da Asociación.
- f) Ser elector e elexible para os órganos de representación e goberno da Asociación, sempre que teña plena capacidade de obrar.

2.- Son obrigacións dos socios de número:

- a) Abona-las cuotas que eisixa a Xunta Directiva.
- b) Contribuir ó sostenemento e difusión do deporte ou deportes da sociedade.
- c) Acatar cantas disposicións dicte a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bo goberno da sociedade.

3.- Os socios aspirantes terán dereito a disfrutaren dos servizos e instalacións sociais da Asociación.

4.- Os familiares dos socios de número terán dereito a disfrutaren daqueles servizos e instalacións que se determinen, previo pago da cuota fixada.

Artigo 9º.- Para ser admitido coma socio, en calquera das súas modalidades, será necesario:

- Te-la idade sinalada para cada unha delas.
- Solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva.
- Satisface-la cuota de ingreso correspondente.

Artigo 10º.- A condición de socio pérdese:

- Por vontade propia.
- Por falta de pagamento das cuotas sociais durante tres meses consecutivos.

CAPITULO III

ORGAOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Artigo 11º.- Son órganos de representación e goberno de FUTBOL SALA NARÓN

a Xunta Directiva e a Asamblea Xeral.



Artigo 12º.-

1.- A Xunta Directiva estará formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, ó fronte da que haberá un Presidente e da que formará parte un Secretario e un Tesoureiro.

2.- O Presidente da Xunta Directiva e, no seu defecto aqueles outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal da Asociación, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executa-los acordos válidamente adoptados pola Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

3.- Corresponderán á Xunta Directiva as seguintes atribucións:

- a) Mante-la orde e a disciplina na Sociedade, así como nas competicións que se organicen.
- b) Convocar, ó través do Presidente, á Asamblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- c) Sinala-las condicións e xeito de admisión dos novos socios así como as cuotas de ingreso e periódicas que teñan de satisfacerse.
- d) Redactar ou reforma-los regulamentos de Réxime interior, fixando as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- e) Nomea-las persoas que teñan de dirixi-las distintas comisións que se creen, así como organiza-las actividades do Clube.
- f) Formular inventario e balance anual, así como redacta-la memoria anual da Sociedade e, en xeral, aplicar tódalas medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do deporte dentro do Clube.

Artigo 13º.-

1.- A Xunta Directiva quedará válidamente constituída na primeira convocatoria cando concorran a ela a maioría dos seus membros. Na segunda convocatoria será suficiente a concorrencia, ó menos, de tres dos seus membros e, en todo caso, do Presidente ou Vice-Presidente.

2.- A Xunta Directiva convocarase polo seu Presidente con dous días de antelación como mínimo, á data de celebración. Tamén se poderá convocar a petición de tres ou máis dos seus membros.

Artigo 14º.- A Xunta Directiva quedará tamén válidamente constituída, cando estean presentes tódolos seus membros, inda que non houber mediado convocatoria previa.

Artigo 15º.-

1.- O Tesoureiro da Xunta Directiva será o depositario da Asociación, asinará

os recibos e autorizará os pagos e levará os Libros de Contabilidade.

2.- Será obriga do Tesoureiro formalizar, durante o primeiro mes de cada ano, un balance de situación e as contas de ingresos e gastos, que se porán en coñecemento de tódolos asociados.

Artigo 16º.- O Secretario da Xunta Directiva cuidará do arquivo da documentación, redactará cantos documentos afecten á marcha administrativa da Asociación e levará o Libro de Rexistro de Asociados e o Libro de Actas.

Artigo 17º.- A elección dos membros da Xunta Directiva, efectuarase por un período de catro anos, renovándose, por metade, cada dous anos. A primeira renovación non afectará ó Presidente nin ó Tesoureiro. Tódolos cargos directivos son reelegibles.

Artigo 18º.-

1.- A Asamblea Xeral é o órgano supremo do goberno da Asociación e ha estar integrada por tódolos seus socios de número.


2.- As Assembleas Xerais, tanto Ordinarias coma Extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela, presentes ou representados, a maioría dos seus asociados. En segunda convocatoria, será suficiente a concurrencia dunha cuarta parte dos asociados. Entre a data da convocatoria e o día sinalado para a súa celebración terán de mediar, coma mínimo, quince días naturais.

Artigo 19º.- A Asamblea Xeral convocarase polo Presidente a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou do dez por cento, ó menos, dos socios de número.

1.- A Asamblea Xeral reunirase con carácter ordinario ó menos unha vez ó ano para tratar das seguintes cuestións:

- a) Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se proceder.
- b) Presuposto para o seguinte exercicio.
- c) Proxecto e propostas da directiva.
- d) Propositions que formulen os socios e que terán de ir asinadas, o menos, polo cinco por cento dos mesmos.
- e) Rogos e Preguntas.

2.- Terá de se celebrar Asamblea Xeral extraordinaria para a modificación de Estatutos, elección de Xunta Directiva, toma de cartos a préstamo, emisión de títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, enaxenación de bens inmoables e fixación das cuotas dos socios.



CAPITULO IV

REXIME DOCUMENTAL

Artigo 20º.- O réxime documental da Asociación constará dos seguintes libros: de Asociados, de Actas e de Contabilidade.

Artigo 21º.- No libro de Rexistro de Asociados, terán de consta-los nomes e apelidos dos socios de número, o seu Documento Nacional de Identidade, profesión e, no seu caso, os cargos de representación, goberno e administración que exerzan na Asociación. Tamén hanse especifica-las datas de altas e baixas, e as de toma de posesión e cese nos cargos aludidos.

Artigo 22º.- Nos Libros de Actas, consignaranse as reunións que celebre a Asam-blea Xeral e a Xunta Directiva, con expresión da data, asistentes, asuntos trata-dos e acordos adoptados. As Actas terán de estar asinadas, en todo caso, polo Presidente e o Secretario.

Artigo 23º.- Nos Libros de Contabilidade figurarán tanto o patrimonio coma os dereitos e obrigacións, e ingresos e gastos da Asociación, debéndose precisa-la procedencia daqueles e a inversión ou destino destes.

CAPITULO V

SECCIONS DEPORTIVAS

Artigo 24º.- Cando a Xunta Directiva acorde a práctica dunha nova modalidade deportiva creará a Sección correspondente, que terá de ser afiliada á Federación que proceda.

Artigo 25º.- Cada Sección Deportiva se ocupará de todo o relativo á práctica da modalidade deportiva correspondente, baixo a coordinación e superior dirección da Xunta Directiva.

CAPITULO VI

DA EMISION DE TITULOS DE DEBEDA OU DE PARTE ALICUOTA PATRIMONIAL

Artigo 26º.-

1.- O/~~X~~ CLUBE FUTBOL SALA NARÓN _____ poderá emitir títulos de débeda ou de parte alícuota patrimonial.

2.- Os títulos serán nominativos.



Artigo 27º.-

1.- Os títulos inscribíranse nun libro que levará ó efecto a Asociación no que se anotarán as sucesivas transferencias.

2.- En tódolos títulos constará o valor nominal, a data de emisión, e, no seu caso, o interese e prazo de amortización.

Artigo 28º.- Os títulos de débeda só se poderán subscribir polos asociados, e a súa posesión non conferirá dereito algún especial ós socios, agás a percepción dos intereses establecidos conforme á lexislación vixente.

Artigo 29º.- Os títulos de parte alicuota patrimonial han ser asimesmo, subscritos polos asociados. En ningún caso estes títulos darán dereito á percepción de dividendos ou beneficios.

Artigo 30º.- Os títulos de débeda e parte alicuota patrimonial serán transferibles únicamente entre quen es teñan a condición de socios.

CAPITULO VII

REFORMA DOS ESTATUTOS E DISOLUCION DA SOCIEDADE



Artigo 31º.- Os presentes Estatutos só se poderán modificar, reformar ou derogar, por acordo da Asamblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto, mediante votación favorable dos dous tercios dos socios de número asistentes.

A reforma destes Estatutos seguirá, con respecto ó Rexistro de Asociacións Deportivas, os mesmos trámites administrativos que para a súa aprobación.

Artigo 32º.- O/XX CLUBE FUTBOL SALA NARÓN extinguirase ou disolverase por acordo da Xunta Directiva ratificado pola Asamblea Xeral Extraordinaria que a tal fin hase celebrar, cun mínimo das dúas terceiras partes dos socios de número asistentes.

Artigo 33º.- Disolta a CLUBE FUTBOL SALA NARÓN o remanente do seu patrimonio social, se houber, revertirá á colectividade, a cuio fin, comunicarase tal disolución á Secretaría Xeral para o Deporte e á Federación Galega, que acorda rá o destino de ditos bens para o fomento e desenvolvemento das actividades Físico-Deportivas.

DILIXENCIA: Exténdoa para facer constar que os presentes Estatutos
do CLUBE FUTBOL SAIÁ NARÓN

Nº. 4.113. -

foron inscritos de conformidade co disposto no Decreto nº. 82/1983,
de 21 de Abril, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 47, de data
13 Maio de 1983; e o Art. 16 da Lei Xeral do Deporte
(BOE 17-10-90).

Santiago, 13 de decembro de 19 93

SECCIÓN REXISTRO CLUBS E ASUNTOS XURÍDICOS



ACTA DE APROBACION DOS ESTATUTOS DO CLUBE:

FUTBOL SALA NARÓN

D. Pedro Rivera Casdelo Secretario
do Clube FUTBOL SALA NARÓN


C E R T I F I C O:

Que en Asamblea Xeral deste Clube celebrada en NARÓN o día 16 de Marzo de 1992, aprobáronse por unanimidade os Estatutos polos que se ha rexe-lo mentado Clube.

Para que conste, asino a presente en NARÓN a 16 de Marzo de mil novecentos noventa e dúas.

Vº Bº

O PRESIDENTE



RELACION DA XUNTA DIRECTIVA DE/DO " CLUBES FUTBOL SALA NARÓN "

CARGO	NOME E APELIDOS	D.N.I.	DOMICILIO
PRESIDENTE	Miguel Angel Rdríguez Aneiros	[REDACTED]	Rúa Carballo Calero, 17, 1º
SECRETARIO	Pedro Rivera Casdello	[REDACTED]	Rúa Colmeote, 24, 1º
TESORERO	José Antonio Menaya Lourido	[REDACTED]	Avd. Souto Vizoso, 38
VOCAL	Natividad González Laxo	32.609.27	Finca Dopico, 2 3º izq.
VOCAL	Juan Luis Dopico Gómez	32.603.93	San Mateo. Calvario, 18

En NARÓN, a 16 de Marzo de 1.992

O SECRETARIO
